



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS DO
CONSELLO SOCIAL DO 04.10.2021**

LUGAR: Sala I do Edificio Miralles - Campus de Vigo

DATA: 04.10.2021

HORA DE COMEZO: 12:30 h.

HORA DE REMATE: 13:10 h.

LISTA DE ASISTENTES

D. Ernesto Pedrosa Silva

D. Miguel Ángel Michinel Álvarez

D. César Blanco Gómez

D^a Mercedes Castro Mouzo

D^a María Teresa Cendón Alonso

D. José María Franco García

D^a Yolanda López Fernández

D^a Ana María Ortiz Álvarez

Secretario: D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O luns, día 4 de outubro de 2021, ás 12:30 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (30.04.2021).
2. Informe do presidente.
3. Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio ao programa "eDestrezas", para o fomento das competencias dixitais do alumnado, PDI e PAS da UVigo.
4. Acordo que proceda sobre a participación do Consello Social nas xornadas "sODStendo o planeta. Semana da Axenda 2030 na Universidade de Vigo", e patrocinio do Premio Consello Social_UVigoHumana.
5. Acordo que proceda sobre a petición de axuda para a organización do "Evento IV", un programa de actividades e propostas sobre a diversidade, auspiciado polo alumnado.
6. Acordo que proceda sobre a solicitude de colaboración para a celebración da décima edición de EDUGAL (Salón de educación e formación de Galicia), previsto en Pontevedra.
7. Acordo que proceda sobre o apoio solicitado para a organización do "IX Ciclo de conferencias de Dereito Concursal", a desenvolver no Campus de Ourense.
8. Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para levar a cabo a actividade "Cóntancho as matemáticas", en centros de educación primaria.
9. Rogos e preguntas.

O presidente agradece a asistencia e salienta que estean presentes todos os compoñentes. Dá a benvinda expresa a M^a Teresa Cendón, Yolanda López e Ana Ortiz, que estrean a súa condición de membros da comisión, e subliña a importancia dos acordos que adopta, así como os obxectivos e a conexión que permite dende a universidade e cos estudantes e coa sociedade.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (30.04.2021).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.

Dá conta Ernesto Pedrosa da elaboración do documento que completa as aportacións do Consello Social para mellorar o índice de transparencia da UVigo, un informe xa incorporado á web e que se confía que consolide a posición de vangarda entre as universidades españolas, tal e como xa se amosou no último ranking da Fundación Compromiso e Transparencia.

Respecto do material de acollida a novos alumnos, que promove o Consello Social dende hai varios anos, e que neste último curso consistiu nunha axenda que inclúe mapas dos Campus, directorio dos servizos universitarios, facultades e oferta académica, achégase nesta sesión o cronograma de distribución e reparto previsto por parte da Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Internacionais.



Seguidamente explica o desenvolvemento da colaboración do Consello Social co Campus Crea, de Pontevedra, e as actividades xa realizadas e as aínda pendentes para completar a axuda global prevista no convenio.

Solicita que, con carácter xeral e excepcionalmente, se manteñan as axudas de edicións anteriores ou se procure atendelas nos seus niveis máximos, tendo en conta as circunstancias adversas nas que se están a desenvolver as actividades e as dificultades que atopan para financiarse.

Por último comunica que se activa a delegación na presidencia, acordada no Pleno do pasado 3 de xuño, para a aprobación das bolsas-colaboración adxudicadas polo Ministerio de Educación á UVigo, da que se dará conta ao Pleno nunha próxima reunión. Aclara que esta decisión tómasse polo imprevisible e a dificultade para conciliar os prazos do Ministerio coa operativa do Consello Social e poder dar cumprimento aos requisitos, cambiantes cada curso.

PUNTO 3

Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio ao programa "eDestrezas", para o fomento das competencias dixitais do alumnado, PDI e PAS da UVigo.

Explica o presidente que se trata dun programa gratuíto dirixido a mellorar as competencias dixitais do estudiantado, o PDI e o PAS da UVigo, promovido dende a Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria. A proposta resume que todos os cursos serán en formato virtual síncrono a través do Campus Remoto da UVigo e en horario de tarde; non poderán exceder os 30 alumnos por curso, terán unha duración de 30 horas e non se impartirán se non cobren o 75 % das prazas ofertadas; o pago a docentes será de 60 € por hora.

- ***Apróbase unha aportación de 12.000 euros, a executar en 2022.***

PUNTO 4

Acordo que proceda sobre a participación do Consello Social nas xornadas "sODStendo o planeta. Semana da Axenda 2030 na Universidade de Vigo", e patrocinio do Premio Consello Social_UVigoHumana.

O presidente salienta a importancia de introducir o Consello Social en ámbitos da sensibilidade, abrindo esta valiosa vía de colaboración coa Vicerreitoría de Responsabilidade Social para axudar a integrar e madurar o compromiso universitario cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). O obxectivo da iniciativa que se presenta é recoñecer o labor desenvolvido por persoas, institucións ou organizacións non gobernamentais, tanto galegas como internacionais, que teñan sobresaído en calquera ámbito relacionado coa solidariedade e a cooperación. Os premios, simbólicos, serán entregados nun acto conxunto aos gañadores e aos autores dos mellores TFG e TFM da UVigo nestes eidos.

Propón que, excepcionalmente, se incremente a axuda concedida na pasada edición, tendo en conta que se trata dunha actividade propia e da súa evolución para acadar maior visibilidade.

- ***Apróbase unha aportación de 2.641 €.***

PUNTO 5

Acordo que proceda sobre a petición de axuda para a organización do "Evento IN", un programa de actividades e propostas sobre a diversidade, auspiciado polo alumnado.

Valórase de xeito especial o feito de que o evento estea promovido polo estudiantado e que teña como referencias a inclusión e a diversidade, así como o apoio da Vicerreitoría competente. A iniciativa ten como obxectivo reivindicar os dereitos da comunidade LGTBIAQ+ e situar á UVigo como universidade inclusiva, internacional e investigadora, desenvolvendo un intenso programa multidisciplinar e internacional, que engloba actividades científicas, informativas e culturais



encamiñadas a sensibilizar e celebrar a diversidade dende diferentes ópticas. Durante tres días, 18 conferenciantes todos universitarios (profesores, investigadores e expertos) complementarán propostas como exposicións, proxeccións, talleres, e performances. José María Franco aprecia a relevancia dos relatores internacionais, e pide que se lle recomende aos organizadores que recollan e difundan as intervencións.

- **Concédesese unha axuda de 3.000 €.**

PUNTO 6

Acordo que proceda sobre a solicitude de colaboración para a celebración da décima edición de EDUGAL (Salón de educación e formación de Galicia), previsto en Pontevedra.

Sobre este punto afirma o presidente que a organización desta edición mellora notablemente e segue ampliando contidos e visibilidade, polo que pide que se manteña o apoio económico nos mesmos niveis da anterior e se lle aplique a excepcionalidade para propostas que superen os seis anos de axudas, tal e como se recolle nas normas e en atención ao seu alto interese. O salón celebrarase a finais de outubro, e recoñécese como a maior oferta de educación e formación de Galicia, para encontro de alumnos, profesionais da docencia, centros de formación e institucións educativas, ademais de dar respostas a todas as persoas interesadas que precisen formación educativa, laboral ou profesional, e facilitar a transición do instituto á universidade.

- **Apróbase unha axuda de 2.500 €.**

PUNTO 7

Acordo que proceda sobre o apoio solicitado para a organización do "IX Ciclo de conferencias de Dereito Concursal", a desenvolver no Campus de Ourense.

Presentada e resumidas as principais aportacións da solicitude, aclara Ernesto Pedrosa que este ciclo de conferencias ten como obxectivo analizar as cuestións prácticas de máxima importancia que afectan ao proceso Concursal, e achegar ao estudiantado da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo –e aos interesados en xeral- as experiencias e as reflexións clave da materia a través de recoñecidos profesionais e especialistas a nivel nacional. Advirte que será a última edición na que se lle conceda axuda, por ter superado o número de anualidades que establecen as normas.

- **Apróbase unha axuda de 800 €.**

PUNTO 8

Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para levar a cabo a actividade "Cóntancho as matemáticas", en centros de educación primaria.

Estimular vocacións matemáticas entre estudantes de Educación Primaria, fomentar unha maior incorporación das mulleres á carreira científica matemática, e orientar a aprendizaxe das matemática ás aplicacións na vida cotiá que amosen as matemáticas como unha achega comprensible, divertida e atractiva, son os eixos da iniciativa que promove un equipo formado por profesorado universitario, persoal investigador e profesorado de Educación primaria. O programa prevé que en cada un dos obradoiros, actividades de formación ou encontros teñan participación un mínimo de 1.200 escolares e case 200 docentes. O presidente cualifica o proxecto como "moi interesante" e propón manter a axuda concedida na pasada edición.

- **Apróbase a concesión de 2.660 € para as actividades a desenvolver en 2021.**



PUNTO 9

Rogos e preguntas.

Pecha o presidente agradecendo expresamente o traballo feito polos anteriores compoñentes da Comisión que abandonaron o Consello Social na última renovación: Ana Isabel Vázquez e Marta Iglesias, e reitera a benvinda ás novas incorporacións.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:10 horas do 4 de outubro, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,
O presidente,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias